

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E OITO
DE MAIO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de maio de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcadesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

PARTE DISPOSITIVA

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 26 DE MARZO, 30 DE MARZO E 14 DE MAIO DE 2012. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, no borrador da acta correspondente ao 14 de maio, sinalou que el se referiu ás dedicacións dos concelleiros, pero non a que fosen exclusivas.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas, coa matización apuntada polo Sr. Gonzalo Pita na correspondente á sesión do 14 de maio de 2012.**-----

2º) EXPTE. Nº U-794/06 DO CONCELLO DE SANXENXO. PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS E INFRAESTRUTURAS DA ZONA E69B, EN O REVEL (VILALONGA)-SANXENXO. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo de 24 de maio de 2012 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que, como xa dixo en comisión, ían votar a favor da proposta, lamentando que se tivera que esperar tantos anos para a aprobación, o que en termos económicos é negativo para o concello, posto que, como se sinala no informe de intervención, non será ata finais do ano 2013, cando poidan existir indicios para executar o plan.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, logo de indicar que ía votar a favor da proposta, aproveitou este punto para preguntar sobre a posta en funcionamento da gardaría, a tramitación para a construción dun colexio novo e a planificación para a execución das infraestruturas incluídas no plan.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, fixo referencia ao contraste entre a velocidade con que se tramitaron expedientes privados de planeamento coa lentitude deste, que empezou no ano 2003, o que denota a importancia que se lle da polo grupo de goberno ás actuacións públicas, engadindo que este tema foi reiteradamente utilizado en campañas electorais, incluso con compromisos da Deputación, e na actualidade non pode dicirse que estea concluído, posto que o plan terá sentido cando se execute a urbanización, recordando que durante o tempo de tramitación o concello obtivo moitos ingresos urbanísticos que perfectamente puideron aplicarse a estas infraestruturas. Finalmente aludiu a que neste asunto houbo engano aos veciños e electoralismo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, remitiuse ao dito na comisión respecto do seu voto favorable á aprobación do plan especial.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, en primeiro lugar agradeceu aos voceiros o seu apoio a aprobación do plan especial e indicou que a tardanza procede da actuación do anterior goberno bipartito da xunta que obrigou a redacción dun informe de sostibilidade ambiental, que en cambio non esixiu ao SU-26, de iniciativa privada e, como consecuencia do anterior, veu un informe desfavorable da consellería correspondente da xunta e despois aprobouse o POL, o que significou que houbo que adaptar o plan especial a este último documento, non obstante, dende a xerencia de urbanismo, acelerouse o máximo posible a tramitación e recordou que os informes solicitados deste organismo municipal se realizaron con carácter inmediato, algúns o mesmo día.

O **Sr. Gonzalo Pita** precisou que, independentemente da aprobación do plan, estaba a execución das infraestruturas que son moi necesarias, como o demostra a non existencia de beirarrúas para chegar á gardaría, solicitándolle á **Sra. Alcaldesa** que se poñan todos os medios necesarios para pedir ás administracións a execución das infraestruturas, aínda que sexa con carácter parcial e mentres se vaia desenvolvendo o plan especial.

A **Sra. Aguin Pombo** reiterou o anteriormente exposto e engadiu que a esixencia do ISA para este plan especial e para o SU-26 non era comparable, porque as infraestruturas previstas no plan especial esixen garantir unha sostibilidade do medio ambiente, tendo en conta a cantidade de persoas e vehículos afectados.

O **Sr. Otero Domínguez** recordou que con anterioridade ao goberno bipartito na xunta, xa Augas de Galicia sancionou ao concello por incumprimentos medioambientais e ademais, co PP gobernando, tampouco se eximiu do informe de sostibilidade ambiental a este plan especial. O certo é que co tempo perdido en batallas chegou o POL, que á parte de provocar atrasos na tramitación, alterou o proxecto inicial, fraccionando a parcela do colexio e desaparecendo pistas deportivas, esperando que a partir de agora non haxa mais excusas pola Consellería de Educación para poder actuar, xa que o colexio de Vilalonga se encontra nunha situación lamentable.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que o plan especial do Revel existe porque así o cualificou o PXOM que se aprobou no seu día e foi o concello o que comprou os terreos e, xa dende un principio, tivo que actuar para desaloxar a un dos anteriores propietarios, posteriormente, dende a institución municipal axilizouse o trámite o mais posible, a pesar da esixencia do informe de sostibilidade ambiental, ata o punto de que na xerencia de urbanismo ningún informe se demorou mais dunha semana. Considerou inexplicable que non se esixira para unha urbanización privada o mesmo informe que se esixiu para un plan de infraestruturas públicas e, en canto á actuación da deputación provincial, recordou que os rapaces de Vilalonga disfrutaban dun campo de fútbol grazas a ese organismo, ademais o centro de saúde está construído, ao igual que a gardaría e xa dispónse do proxecto básico para o colexio. En canto á urbanización, evidentemente non está nas condicións que lle gustaría pero acabará tendo as medidas de hixiene e seguridade necesarias e ademais se hai que aprobar un plan plurianual para executar as obras de infraestrutura restantes así se fará, independentemente de que se buscará financiamento noutras administracións que permitan que o custo para o concello sexa o menor posible.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo :**

PRIMEIRO: prestar **Aprobación Definitiva** ao **Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas do zona E69B, en O Revel – Sanxenxo**, con estimación das alegacións formuladas, nos termos e alcance que se reflicten nos Informes do Arquitecto Municipal de data 19 de febreiro de 2009 e da Asesora Xurídica de 27 de febreiro de 2009.

SEGUNDO: publicar o acordo de Aprobación Definitiva do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas da zona E69B, en O Revel – Sanxenxo, no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ao abeiro do disposto no *art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia*. E notificar dito Acordo persoalmente aos propietarios afectados e aos demais interesados que constan no expediente.

TERCEIRO: comunicar á Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas, conforme o disposto no *art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia*, o Acordo de aprobación definitiva do Plan Especial de Dotacións e

Infraestructuras do zona E69B, en O Revel – Sanxenxo, e, á vez, darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o Plan sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo.

CUARTO: segundo o disposto no art. 14 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, unha vez aprobado definitivamente o Plan Especial, pónase éste a disposición do órgano autonómico competente en materia ambiental, das outras Administracións que no curso da súa tramitación foron consultadas e do público, coa documentación que se refire no indicado precepto.-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE XUÍZA DE PAZ SUBSTITUTA DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 24 de maio de 2012 sobre esta proposta.

Non se produce debate e a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo :**

PRIMEIRO: elixir a D^a Judith Pérez Marcos como xuíz de paz substituta de Sanxenxo por considerarse a candidata máis idónea por titulación.

SEGUNDO: remitir certificación deste acordo ao Xulgado de 1^a Instancia e Instrucción de Cambados e copia do expediente completo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dando cumprimento ao artigo 101.3 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

4º) DACIÓN CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN XERAL CUMPRINDO OS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010, CUARTO TRIMESTRE DE 2011. O Sr. Secretario dá conta do informe de intervención do 18 de abril de 2012 que literalmente se transcribe:

“”””**INFORME DE INTERVENCIÓN DO ARTIGO 4 DA LEI 15/2010 RELATIVO AO 4º TRIMESTRE DE 2011.**

Elevase perante o Pleno da corporación o informe do artigo 4 da Lei 15/2010, relativo ao nivel de cumprimento dos pagos, sendo que xa foi remitido ao Ministerio de facenda e administracións públicas.

Ahégase folla de cálculo resumo do contido do informe.

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY
15/2010

TRIMESTRE

4 AÑO

2011

CONCELLO

Pagos realizados en el trimestre

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
|------------------|---------------------------|--|----------|-------------------|----------|-------------------|
| Art. 20 | 300,44 | 348,74 | 34,00 | 20.591,50 | 15,00 | 56.187,70 |
| Art. 21 | 298,54 | 252,06 | 2,00 | 365,44 | 35,00 | 18.205,97 |
| Art. 22 | 206,20 | 289,80 | 15,00 | 39.413,07 | 36,00 | 55.020,39 |
| Art. 23 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | 84,91 | 147,61 | 3,00 | 493.689,63 | 12,00 | 337.608,51 |
| | | | | 554.059,64 | | 467.022,57 |

CONCELLO

Pendiente de pago

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
|------------------|---|--|----------------|-------------------|----------------|---------------------|
| Art. 20 | 309,92 | 267,73 | 7,00 | 101.028,93 | 92,00 | 2.831.287,01 |
| Art. 21 | 158,31 | 187,18 | 37,00 | 86.413,43 | 343,00 | 151.565,88 |
| Art. 22 | 239,54 | 233,11 | 54,00 | 247.621,12 | 490,00 | 1.162.686,69 |
| Art. 23 | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | 328,17 | 284,07 | 3,00 | 9.784,95 | 34,00 | 465.015,09 |
| | | | | 444.848,43 | | 4.610.554,67 |

CONCELLO

Pendiente de reconocimiento

| | Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR | Nº operaciones | Importe total |
|--------|--|----------------|---------------------|
| Cap. 2 | 271,77 | 228,00 | 1.531.992,24 |
| Cap. 6 | 301,94 | 17,00 | 260.965,72 |
| | | | 1.792.957,96 |

OA "TERRA DE SANXENXO":

INFORME TRIMESTRAL LEY
15/2010

TRIMESTRE

4 AÑO

2011

TERRA

Pagos realizados en el trimestre

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
|--|---------------------------|--|----------|---------------|----------|---------------|
|--|---------------------------|--|----------|---------------|----------|---------------|

| | | | | | | |
|------------------|--------|--------|-------|------------------|-------|-------------------|
| Art. 20 | 114,66 | 72,90 | 15,00 | 9.458,66 | 43,00 | 95.258,02 |
| Art. 21 | 585,72 | 531,79 | 0,00 | 0,00 | 30,00 | 9.591,14 |
| Art. 22 | 272,40 | 237,20 | 3,00 | 4.898,36 | 65,00 | 79.198,08 |
| Art. 23 | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | 98,00 | 48,00 | 0,00 | 0,00 | 1,00 | 130,00 |
| | | | | 14.357,02 | | 184.177,24 |

| | | | | | | | |
|------------------|---|--|----------------|-------------------|--------------------------|---------------------|--|
| TERRA | | Pendiente de pago | | | | | |
| | | Dentro período legal pago | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total | |
| Art. 20 | 165,46 | 193,88 | 13,00 | 74.204,51 | 45,00 | 125.176,02 | |
| Art. 21 | 388,24 | 344,26 | 10,00 | 1.448,68 | 46,00 | 52.325,06 | |
| Art. 22 | 220,77 | 211,89 | 64,00 | 292.599,09 | 561,00 | 1.429.605,58 | |
| Art. 23 | | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | | |
| Cap. 6 | 245,00 | 195,00 | | | 2,00 | 314,76 | |
| | | | | 368.252,28 | | 1.607.421,42 | |

| | | | | | |
|--------|--|-----------------------------|---------------|-------------------|--|
| TERRA | | Pendiente de reconocimiento | | | |
| | Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR | Nº operaciones | Importe total | | |
| Cap. 2 | 130,47 | 99,00 | 182.577,76 | | |
| Cap. 6 | 0,00 | 1,00 | 3.540,00 | | |
| | | | | 186.117,76 | |

OA "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010 TRIMESTRE 4 AÑO 2011

| | | | | | | | |
|----------|---------------------------|--|----------|---------------|--------------------------|---------------|--|
| XERENCIA | | Pagos realizados en el trimestre | | | | | |
| | | Dentro período legal pago | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total | |
| Art. 20 | 281,50 | 231,50 | 0,00 | 0,00 | 2,00 | 7.327,80 | |
| Art. 21 | | | | | | | |
| Art. 22 | 94,39 | 44,30 | | | 5,00 | 21.631,73 | |

Art. 23
 Art. 24
 Art. 26
 Art. 27
 2 sin desagregar
 Cap. 6

28.959,53

XERENCIA

| | Pendiente de pago | | | | | | |
|------------------|---|---|----------------|-----------------|--------------------------|-------------------|--|
| | Dentro período legal pago | | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total | |
| Art. 20 | 176,87 | 139,21 | 1,00 | 2.625,50 | 9,00 | 31.250,03 | |
| Art. 21 | 297,64 | 246,00 | 0,00 | 0,00 | 5,00 | 1.601,83 | |
| Art. 22 | 344,29 | 298,39 | 4,00 | 2.362,59 | 89,00 | 119.809,17 | |
| Art. 23 | | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | | |
| Cap. 6 | 395,00 | 340,00 | | | 1,00 | 300,00 | |
| | | | | 4.988,09 | | 152.961,03 | |

XERENCIA

| | Pendiente de reconocimiento | | |
|--------|--|----------------|------------------|
| | Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR | Nº operaciones | |
| | | Importe total | |
| Cap. 2 | 183,36 | 9,00 | 52.706,52 |
| Cap. 6 | | | |
| | | | 52.706,52 |

NAUTA SANXENXO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010

TRIMESTRE

4 AÑO

2011

NAUTA

| | Pagos realizados en el trimestre | | | | | |
|---------------------------|----------------------------------|-------------------------------------|----------|--------------------------|----------|-------------------|
| | Dentro período legal pago | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
| Aprovisionamientos (6) | 33,61 | 15,55 | 153,00 | 219.535,30 | 58,00 | 89.924,98 |
| Inmovilizado (2) | 55,15 | 5,65 | 2,00 | 3.776,84 | 2,00 | 22.710,84 |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Total | | | | 223.312,14 | | 112.635,82 |

| NAUTA | Pendiente de pago | | | | | | |
|------------------------|---|---|----------------|------------------|--------------------------|-----------------|--|
| | Dentro período legal pago | | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total | |
| Aprovisionamientos (6) | 26,26 | 7,96 | 45,00 | 75.401,97 | 8,00 | 2.247,17 | |
| Inmovilizado (2) | 2,00 | 0,00 | 1,00 | 3.070,09 | 0,00 | 0,00 | |
| Sin desagregar | | | | | | | |
| Total | | | | 78.472,06 | | 2.247,17 | |

INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010 TRIMESTRE 4 AÑO 2011

| INSULA | Pagos realizados en el trimestre | | | | | | |
|------------------------|----------------------------------|--|----------|---------------|--------------------------|---------------|--|
| | Dentro período legal pago | | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total | |
| Aprovisionamientos (6) | 24,24 | | 4,00 | 315,88 | | | |
| Inmovilizado (2) | | | | | | | |
| Sin desagregar | | | | | | | |
| Total | | | | 315,88 | | 0,00 | |

| INSULA | Pendiente de pago | | | | | | |
|------------------------|---|--|----------------|---------------|--------------------------|---------------|--|
| | Dentro período legal pago | | | | Fuera período legal pago | | |
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total | |
| Aprovisionamientos (6) | 30,00 | | 1,00 | 78,67 | | | |
| Inmovilizado (2) | | | | | | | |
| Sin desagregar | | | | | | | |
| Total | | | | 78,67 | | 0,00 | |

A corporación deuse por enterada.-----

5º) DACIÓN CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN XERAL CUMPRINDO OS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010, PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2012. O Sr. secretario dá conta do informe de intervención do 16 de maio de 2012 que literalmente se transcribe :

“”””DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN.

Achégase resumo do informe trimestral correspondente ao pimeiro trimestre de 2012, en cumprimento do disposto nos artigos 4.3 e 5.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, para que se proceda á súa elevación perante o Pleno.

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY TRIMESTRE 1 AÑO 2012

15/2010

CONCELLO

Pagos realizados en el trimestre

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Dentro período legal pago | | Fuera período legal pago | |
|------------------|---------------------------|--|---------------------------|------------------|--------------------------|-------------------|
| | | | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
| Art. 20 | 565,95 | 523,10 | 14,00 | 9.498,98 | 21,00 | 445.549,16 |
| Art. 21 | 295,17 | 243,68 | 1,00 | 55,90 | 150,00 | 63.970,32 |
| Art. 22 | 449,94 | 404,58 | 16,00 | 4.362,49 | 115,00 | 236.398,75 |
| Art. 23 | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | 642,80 | 587,80 | | | 8,00 | 42.810,93 |
| | | | | 13.917,37 | | 788.729,16 |

CONCELLO

Pendiente de pago

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Dentro período legal pago | | Fuera período legal pago | |
|------------------|---|---|---------------------------|------------------|--------------------------|---------------------|
| | | | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
| Art. 20 | 351,92 | 301,84 | 3,00 | 10.728,47 | 82,00 | 2.535.926,36 |
| Art. 21 | 211,41 | 165,97 | 2,00 | 4.303,21 | 241,00 | 178.204,16 |
| Art. 22 | 287,12 | 237,92 | 6,00 | 6.362,21 | 448,00 | 1.217.953,54 |
| Art. 23 | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | 371,69 | 321,98 | | | 29,00 | 461.808,51 |
| | | | | 21.393,89 | | 4.393.892,57 |

CONCELLO

Pendiente de reconocimiento

| | Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR | Pendiente de reconocimiento | |
|--------|--|-----------------------------|---------------------|
| | | Nº operaciones | Importe total |
| Cap. 2 | 286,50 | 330,00 | 1.957.807,18 |
| Cap. 6 | 389,82 | 20,00 | 263.207,98 |
| | | | 2.221.015,16 |

OA "TERRA DE SANXENXO":

INFORME TRIMESTRAL LEY
15/2010

TRIMESTRE

1 AÑO

2012

TERRA

Pagos realizados en el trimestre

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
|------------------|---------------------------|--|----------|-----------------|----------|-------------------|
| Art. 20 | 139,42 | 94,76 | 4,00 | 4.534,74 | 7,00 | 118.135,36 |
| Art. 21 | 313,45 | 362,00 | 1,00 | 335,12 | 1,00 | 960,52 |
| Art. 22 | 248,71 | 199,86 | 5,00 | 1.520,08 | 57,00 | 322.110,43 |
| Art. 23 | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | | | | | | |
| | | | | 6.389,94 | | 441.206,31 |

| | TERRA | | | | | |
|------------------|---|---|----------------|---------------------------|--------------------------|---------------------|
| | | | | Pendiente de pago | | |
| | | | | Dentro período legal pago | Fuera período legal pago | |
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
| Art. 20 | 161,55 | 111,55 | | | 26,00 | 48.139,07 |
| Art. 21 | 214,72 | 164,72 | | | 37,00 | 8.123,72 |
| Art. 22 | 223,82 | 173,82 | | | 327,00 | 1.126.084,78 |
| Art. 23 | 709,00 | 659,00 | | | 2,00 | 314,76 |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | 336,00 | 286,00 | | | 1,00 | 347,45 |
| | | | | 0,00 | | 1.183.009,78 |

| TERRA | | | | | |
|-----------------------------|--|--|----------------|-------------------|--|
| Pendiente de reconocimiento | | | | | |
| | Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR | | Nº operaciones | Importe total | |
| Cap. 2 | 52,85 | | 173,00 | 506.131,38 | |
| Cap. 6 | 17,51 | | 2,00 | 20.315,29 | |
| | | | | 526.446,67 | |

OA "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010 TRIMESTRE 1 AÑO 2012

| | XERENCIA | | | | | |
|---------|----------------------------------|--|----------|---------------------------|--------------------------|---------------|
| | Pagos realizados en el trimestre | | | | | |
| | | | | Dentro período legal pago | Fuera período legal pago | |
| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
| Art. 20 | 220,87 | 170,87 | | | 10,00 | 33.875,53 |

| | | | | |
|------------------|--------|--------|-------|------------------|
| Art. 21 | 409,88 | 356,72 | 3,00 | 829,20 |
| Art. 22 | 552,20 | 497,69 | 13,00 | 42.661,02 |
| Art. 23 | | | | |
| Art. 24 | | | | |
| Art. 26 | | | | |
| Art. 27 | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | |
| Cap. 6 | 439,00 | 384,00 | 1,00 | 300,00 |
| | | | | 77.665,75 |

XERENCIA

Pendiente de pago

Dentro período legal pago

Fuera período legal pago

| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Dentro período legal pago | | Fuera período legal pago | |
|------------------|---|---|---------------------------|---------------|--------------------------|-------------------|
| | | | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
| Art. 20 | 74,50 | 34,50 | | | 2,00 | 52,51 |
| Art. 21 | 312,17 | 262,17 | | | 2,00 | 772,63 |
| Art. 22 | 329,12 | 278,45 | | | 91,00 | 133.220,45 |
| Art. 23 | | | | | | |
| Art. 24 | | | | | | |
| Art. 26 | | | | | | |
| Art. 27 | | | | | | |
| 2 sin desagregar | | | | | | |
| Cap. 6 | | | | | | |
| | | | | 0,00 | | 134.045,59 |

XERENCIA

Pendiente de reconocimiento

| | Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR | Dentro período legal pago | | Fuera período legal pago | |
|--------|--|---------------------------|-----------------|--------------------------|---------------|
| | | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
| Cap. 2 | 15,00 | 3,00 | 3.601,30 | | |
| Cap. 6 | | | | | |
| | | | 3.601,30 | | |

NAUTA SANXENXO, S.L.'':

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010

TRIMESTRE

1 AÑO

2012

NAUTA

Pagos realizados en el trimestre

Dentro período legal pago

Fuera período legal
pago

| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Dentro período legal pago | | Fuera período legal pago | |
|---------------------------|---------------------------|-------------------------------------|---------------------------|------------------|-----------------------------|------------------|
| | | | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
| Aprovisionamientos (6) | 37,24 | 10,91 | 71,00 | 38.531,09 | 8,00 | 13.375,50 |
| Inmovilizado (2) | 64,00 | 14,00 | | | 1,00 | 1.203,60 |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Total | | | | 38.531,09 | | 14.579,10 |

| | | | Pendiente de pago | | Fuera período legal pago | |
|------------------------|-----------------------------------|---|-------------------|-----------------|--------------------------|------------------|
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
| NAUTA | | | | | | |
| Aprovisionamientos (6) | 55,61 | 10,00 | 10,00 | 4.743,11 | 2,00 | 47.294,57 |
| Inmovilizado (2) | | | | | | |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Total | | | | 4.743,11 | | 47.294,57 |

INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010 TRIMESTRE 1 AÑO 2012

| | | | Pagos realizados en el trimestre | | Fuera período legal pago | |
|------------------------|------------------------|----------------------------------|----------------------------------|---------------|--------------------------|---------------|
| | Período medio pago PMP | Período medio pago excedido PMPE | Nº pagos | Importe total | Nº pagos | Importe total |
| INSULA | | | | | | |
| Aprovisionamientos (6) | 16,98 | | 4,00 | 384,45 | | |
| Inmovilizado (2) | | | | | | |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Total | | | | 384,45 | | 0,00 |

| | | | Pendiente de pago | | Fuera período legal pago | |
|------------------------|-----------------------------------|---|-------------------|---------------|--------------------------|---------------|
| | Período medio pendiente pago PMPP | Período medio pendiente pago excedido PMPPE | Nº operaciones | Importe total | Nº operaciones | Importe total |
| INSULA | | | | | | |
| Aprovisionamientos (6) | | | | | | |
| Inmovilizado (2) | | | | | | |
| Sin desagregar | | | | | | |
| Total | | | | 0,00 | | 0,00 |

A corporación deuse por enterada.-----

6º) DACIÓN CONTA DO INFORME SOBRE A ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA 2011 E SEGUIMENTO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2011/2013. O Sr. Secretario dá conta do informe de intervención do 18 de abril de 2012, que consta de **70 follas** e que na súa **páxina 35** literalmente di o seguinte:

“””””III.- CONCLUSIÓNS FINAIS:

1º.- A entidade local retornou a situación de equilibrio despois de dous anos consecutivos en incumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria.

2º.- O Organismo autónomo TERRA SANXENXO, mantén o cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria.

3º.- O Organismo autónomo XERENCIA DE URBANISMO, incumpre os obxectivos de estabilidade presupostaria.

4º.- En termos de consolidación, RETORNASE A SITUACIÓN DE INCUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.

5º.- É preciso continuar, non obstante, co cumprimento das previsións do Plan Económico Financeiro 2.011-2.013, adaptando o mesmo ao PLAN DE AXUSTE do artigo 7º do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, que foi aprobado polo Pleno da Corporación. O Plan debe renovarse e incidir especialmente no que afecta ao Organismo Autónomo XERENCIA DE URBANISMO. ”””””

A corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 15 DE MARZO AO 11 DE MAIO DE 2012 (DE RES. Nº 297/12 Á Nº 504/12). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 15 de marzo ao 11 de maio de 2012, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A DERROGACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 14/2012, DO 20 DE ABRIL, DE MEDIDAS URXENTES DE RACIONALIZACIÓN DO GASTO PUBLICO NO ÁMBITO EDUCATIVO (R. DE ENTRADA NÚM. 3686 DO 28 DE MAIO DE 2012). O Sr. **Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

”””””O Grupo Socialista no Concello de Sanxenxo, en base a Lei de Bases de Réxime Local e aos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais normativa que poda resultar de aplicación, presenta unha MOCIÓN, coa seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España anunciou, unha vez aprobados os orzamentos do ano 2012, un recorte adicional de 10.000 millóns de euros, centrado en sanidade e educación, ao tempo que a prima de risco se disparaba. Corresponde ao gasto educativo, responsabilidade das comunidades autónomas, un 30% desa cifra total, é dicir, 3.000 millóns de euros que logo debe ser desagregada por territorios. A Galicia tocaralle unha parte, aínda sen determinar con exactitude por parte do Goberno de Núñez Feijoo.

As medidas previstas polo Real Decreto-Lei 14/2012, son nocivas para o sistema educativo, pero desde o PsdeG-PSOE dicimos algo máis: que esta política non é a única posible.

De acordo co Plan de Estabilidade 2012-2015 que remitiu o goberno Rajoy a Bruxelas, o gasto público do conxunto das administracións reducirase nun 19% ata o 2015, para situarse nun 37% do PIB. A converxencia coa Europa adiantada esixe facer xusto o contrario do que se propón: reforzar a base impositiva do Estado, con tributos de ampla base e progresivos, para soste uns servizos públicos universais e eficaces que reforcen a nosa competitividade.

O RD Lei citado establece:

O Sr Buezas Méndez, xustificou a urxencia no feito de que os recortes en materia educativa provocan unha perda da igualdade de oportunidades e de calidade da ensinanza pública.

A Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, pediu ao grupo popular que non considerase a urxencia deste asunto, porque o urxente era haber tomado no seu día medidas que impedisen chegar a este momento, no que hai que facer reaxustes con carácter temporal para manter o estado de benestar, engadindo que no caso concreto de Galicia e grazas a política que se fixo na xunta non será necesario tomar as mesmas medidas que noutras autonomías.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A LIMPEZA E O ASFALTADO DO CAMIÑO DE GONDAR (R. DE ENTRADA NÚM. 3689 DO 28 DE MAIO DE 2012). O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguin Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

Fai máis dun ano no pleno ordinario celebrado no mes de Marzo do ano 2011, o Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo presentou unha moción que dicía o seguinte:

“O camiño de Gondar (que vai dende a entrada, a carón do Bar Reiniño ata a pista da Capela de Santo Tomé) atopase en estado ruinoso, o asfaltado esta estalado, as cunetas sen limpar, as herbas invaden o camiño, e toda a pista esta chea de pedras e gravilla. Este estado dificulta o paso tanto de coches coma de peóns o tratarse dun camiño de entrada á zona de Gondar.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

Que se procede por parte da Concellalía de Infraestructuras e Obras así como a Concellalía de Servizos e Medio Ambiente deste Concello a limpeza deste camiño e o asfaltado do mesmo nun prazo breve de tempo.”

Recordamos que por parte da Sra Alcaldesa indicou que, recoñecendo que se trataba da estrada que peor está, intentaban conseguir un acordo con todos os veciños para poder ampliála e realizar entón o arranxo, xestión que está a realizar o concelleiro de infraestructuras e motivo polo que votarán en contra da urxencia.

Non sabemos se para facer estas xestións necesítase un ano, o que si coñecemos e que un ano despois, fai uns días con motivo das festas a finais do mes de Abril, procedeuse a limpar unhas poucas de herbas e a tapar os buratos cun pouco de asfalto.

A realidade é que dito camiño atópase nunhas condicións pouco axeitadas para transitar os vehículos e os viandantes por elo é necesario a súa limpeza así como o asfaltado do mesmo.

1) Construcción dunha subestación eléctrica para dotar de alimentación eléctrica o parque.

2) A canalización de augas residuais ata a redes de servizos exteriores.

A finais de 2011 nunha Asamblea Xeral da Xunta de Compensación a Alcaldesa de Sanxenxo comprometeuse a que neste verán do ano 2012 estén finalizadas as obras, a subestación e corrixidos os desperfectos.

A realidade é que este parque empresarial está cada vez máis deteriorado e a súa posta en funcionamento xa xenera moitas dúbidas por parte dos propietarios, dos empresarios e por parte dos veciños/as de Sanxenxo de que si o equipo de goberno de Sanxenxo de verdade ten algún tipo de interés na súa posta en funcionamento.

Transcorren os meses e anos e vemos que non existe unha clara vontade política que aposte polo seu funcionamento. Agora que xa o Concello de Sanxenxo dispón do aval pero as obras pendentes seguen como estaban antes da incautación do aval.

A día de hoxe non se coñece a situación na que se atopa a construción da subestación eléctrica, dende o punto de vista administrativo e técnico, que dotaría de alimentación eléctrica o parque. Non coñecemos cando por parte do equipo de goberno ten previsto o arranxo de todas las deficiencias pendentes para a recepción do parque empresarial. Non coñecemos si existe ou non un planning no que figuran datas concretas ata a posta en funcionamento definitiva do parque empresarial.

O escenario actual no que hai industrias que non se implantan no parque pola situación no que se atopa está xenerando perda de oportunidades tanto para empresas como para aqueles traballadores/as de Sanxenxo que se atopan en situación de desemprego, polo que é necesario un pulo por parte do Concello de Sanxenxo, dos propietarios do parque e dos empresarios.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Constitución dunha comisión de Seguimento, na que estén representados, os propietarios, os empresarios, todos los partidos políticos do Concello de Sanxenxo e técnicos que teñan como finalidade marcar un calendario de traballo (no que se fixe unha reunión semanal, con toda a documentación necesaria para solucionar todos los temas pendentes) cun planning no que consten todas las datas previstas de obras, trámites, etc. ata a posta en funcionamento do polígono industrial, coa finalidade de que este parque empresarial sexa un realidade e quitalo da situación de parálise que se atopa dende fai anos."''''''

A **Sra. Agúin Pombo** xustificou a urxencia porque levan esperando meses e anos e non se fai nada para que se poña en marcha un parque empresarial, que é necesario para permitir instalar empresas nel e xerar emprego e mentres tanto a deterioración das obras alí realizadas aumenta.

A **Sra. Alcaldesa** pediu ao grupo do PP o voto en contra da urxencia porque, dende setembro de 2011, se veñen realizando activas xestións para solucionar a situación, ademais de que na moción se realizaban consideracións que non eran certas, como aludir a que o concello actúa subsidiariamente ou que era o promotor da urbanización.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en contra: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AOS RECORTES EN EDUCACIÓN (R. DE ENTRADA NÚM. 3525 DO 21 DE MAIO DE 2012). O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””David Otero Domínguez, voceiro do grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN:

A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudiantís partidos políticos...) constituíu a **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público** para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 14/2012, publicado polo Goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galiza ningún dos recortes contidos no RD Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galiza.

A Educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posíbeis. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estes recortes van supoñer, de levalos a cabo:

* **Incrementar as ratios a 30** alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizada do alumnado e atender as necesidades educativas específicas, e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.

* **Impor unha xornada lectiva semanal mínima** para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias, e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.

* **Non substituír o profesorado de baixa.** Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran ate que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.

* **Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato.** Con graves consecuencias na formación do alumnado, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursar os estudos desexados.

* **Adiar a implantación de ciclos de formación profesional.** Que prexudica gravemente as persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.

* **Incrementar as taxas universitarias.** Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias. ”””””

O **Sr. Otero Domínguez**, á parte dos motivos que se deron nunha intervención anterior con ocasión dunha moción similar, indicou que utilizaría este momento para defender o contido desta moción, dado que é moi probable que non se considere a urxencia para o seu debate, entendendo que esta non era a forma adecuada de levar o pleno. A continuación aludiu ao deterioro continuo da educación pública como consecuencia dos recortes, cando neste momento existe o diñeiro público necesario para reflotar institucións bancarias, engadindo que non se trataba só da diminución dos servizos públicos, senón de recortes dos dereitos dos cidadáns.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, pediu ao grupo do PP o voto en contra da urxencia desta moción, que é practicamente a mesma que presentou o PSOE anteriormente, precisando que se agora non se toman estas medidas se poñería en perigo o estado de benestar, resaltando que estaban actuando con responsabilidade e a favor dunha educación e sanidade gratuita, universal e pública.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

Votos en contra: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO, ENTRE OUTRAS, O DERROGAMENTO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO (R. DE ENTRADA NÚM. 3524 DO 21 DE MAIO DE 2012). O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá lectura á moción que

literalmente se transcribe:

“”””David Otero Domínguez, voceiro do grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN:

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que deber ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire os gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado ven en corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñan o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e o ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe

do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP. ”””””

O **Sr. Otero Domínguez**, xustificou a urxencia pola necesidade de ter unha solidariedade social que permita, como mínimo, manter un servizo público tan importante como este nos límites actuais, aludindo a que na propia FEGAMP, tamén gobernada polo PP, estanse a levantar voces en contra destes recortes de financiamento.

A **Sra. González Domínguez, concelleira da Grupo Municipal do Partido Popular**, pediu ao grupo do PP o voto en contra da urxencia desta moción por entender que o servizo de axuda no fogar teríase que prestar dentro dos canles da Lei de Dependencia, con financiamento estatal e autonómico, evitando duplicidades.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO O TRASLADO DO MERCADILLO DE VILALONGA (R. DE ENTRADA NÚM. 3661 DO 25 DE MAIO DE 2012). A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“””””Dona Sandra Fernández Agraso, concelleira do grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN

No ano 2.009 por petición dos distintos colectivos, veciños e veciñas de Vilalonga, o concello de Sanxenxo ampliou a oferta de días de mercadillo ambulante no concello de Sanxenxo, outorgando as correspondentes licencias para a súa

celebración os martes de cada semana.

A experiencia en inicio tivo unha boa acollida mais posteriormente evidenciase unha participación e un resultado moito menor ca os seus inicios. Esta circunstancia, a parte da conxuntura económica actual, súmase outras motivacións relacionadas coa posible localización como así manifestan os propios veciños e veciñas da vila.

Este tipo de venda debería estar acompañado coa actividade comercial do enclave urbano, o que significa que é sumamente importante o acerto na localización, xa que deben converterse en actividades comerciais complementarias.

A localización actual do mercado ambulante coincide coa ubicación do Centro de Saúde de Vilalonga e co acceso de unha serie de servizos públicos que, parece ser, poranse en funcionamento en poucos meses, como é o caso da escola infantil do Revel. A día de hoxe, as mañás dos martes cando se instala o mercado ambulante, esta rúa permanece pechada, o que non ten ningún sentido e crea inconvenientes tanto para os usuarios do Centro de Saúde como para os propios vendedores e clientes do mercadillo.

Dende o BNG consideramos que debido á importancia dos accesos que leva esa vía, deberíase dar traslado ao mercado ambulante na maior brevidade posíbel.

A localización lóxica, polas características e o entorno, é a praza “pública” de Vilalonga, onde habitualmente se fan distintos eventos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación que inste ao Goberno a que adopte os seguintes **ACORDOS**:

- O traslado do actual mercadillo ambulante ao emprazamento da praza pública de Vilalonga.”””””

A **Sra. Fernández Agraso** xustifica a urxencia polo feito de que non parece lóxico ocupar parte da estrada que vai ao centro de saúde e a gardaría, cando existe outra opción, como a propia praza pública de Vilalonga ,que considera mais acertada.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, pediu ao grupo do PP o voto en contra da urxencia desta moción, porque xa houbo reunións coa asociación de veciños, promotora do mercadillo, na que se estudaron ata tres ubicacións e a da praza non se entendeu como a mellor polas necesidades que teñan os propios vendedores.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

ROGOS:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 28 DE MAIO DE

2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 3688). A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

O lavadeiro de Recarei de Dorrón, atópase cheo de maleza, tanto nos seus accesos como no seu interior. A realidade é que despois de todos cartos que se gastaron no arranxo do mesmo é vergoñento que se atopen neste estado. Non contan nin cun cartel de sinalización do mesmo. Adxuntamos fotografías do estado actual.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan todos los trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias e se requira aos propietarios dos mesmos para que procedan a limpeza dos mesmos.””””-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 28 DE MAIO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 3687). A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

O lavadeiro de Freixeiro de Dorrón, atópase cheo de maleza, tanto nos seus accesos como no seu interior. A realidade é que despois de todos cartos que se gastaron no arranxo do mesmo é vergoñento que se atopen neste estado. Non contan nin cun cartel de sinalización do mesmo. Adxuntamos fotografías do estado actual.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan todos los trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias e se requira aos propietarios dos mesmos para que procedan a limpeza dos mesmos.””””-----

3º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que, nas inmediateiros do PEI-12, se procedeu a unha limpeza de fincas, salvo nunha que non se fixo, pregando que se actúe en consecuencia. O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que se actuaría moito mais rápido se en vez de esperar a un pleno para solicitar este tipo de cuestións, comentáseselle a el persoalmente calquera día.-----

PREGUNTAS:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 24 DE MAIO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 3633). O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en el próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

¿Qué gestiones se tienen hechas y desde cuando para sacar del medio de la calzada los postes de FENOSA ubicados en los lugares de Coba de Pazos y a Rateira en la parroquia de Toalla?

O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou que se desprazará aos lugares sinalados polo concelleiro na pregunta e contestaralle por escrito.-----

2º) O Sr. Gonzalo Pita, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, preguntou sobre as proteccións dos banquillos do campo de fútbol, respondendo a Sra. González Domínguez, que xa se realizaron todas as xestións para que na proxima tempada estean en condicións.----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 28 DE MAIO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 3690). A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””Dna. Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte PREGUNTA:

O pasado 7 de Maio o Ministerio Ambiente, Agricultura e Alimentación e a Xunta de Galicia asinaron un convenio para o desenvolvemento das actuacións de Desenvolvemento Rural no marco do PDRS 2012-2014. Un convenio de 170 millóns de euros para os vindeiros catro anos destinados a mellora da calidade de vida e das condicións socioeconómicas do 53% da poboación galega.

Entorno ao 40% das inversións estarán dirixidas a emprego e benestar no medio rural; máis do 30% as infraestructuras e equipamentos básicos; e case o 19% a inversións para a protección do medio ambiente.

Co fin de ter información acerca das inversións que terán lugar no Concello de Sanxenxo ao abrigo da Lei estatal de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural.

1º Qué investimentos contempla o Plan de Zona Pontevedra Norte e Rías Baixas para o noso Concello?.

2º Cal é o orzamento comprometido polas distintas administracións públicas para a execución de ditos proxectos?.

3º Cando se iniciará a execución dos mesmos?.””””

A Sra. Alcaldesa contestou que estas actuacións están dirixidas á zonas moi degradadas, non obstante o cal se estaba a intentar conseguir algunhas actuacións en Sanxenxo, aínda que non está concretado e cando así sexa se lles informará.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 28 DE MAIO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 3685). A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””Dna. Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte PREGUNTA:

Con data 03.02.2009 o Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo presentou un rogo que decía:

“Na parte traseira do edificio “Residencial Portonovo”, edificio de 5 portais situados na rúa da Perla, hai unhas

zonas comúns, de patios, xardíns, e piscina. No terreo lindante hai un depósito de auga sin utilidade algunha en un estado de ruinoso na actualidade (grietas, pilares, oxidación..) e pode chegar a ser unha auténtica bomba de relojería para calquer veciño. Cada día moitos viandantes fan o percorrido a el e moitos vehículos circulan e aparcan nas proximidades.

O depósito da auga da mala imaxe tengo en conta o entorno no que se atopa.

Con data 26.07.10 presentamos unha pregunta no pleno ordinario que decía o seguinte:

¿Pódenos dicir si por parte do Concello vaise levar algún tipo de actuación para eliminar o devandito depósito de auga? ¿cal? ¿en qué prazo de tempo?.

A resposta por parte da Sra Alcaldesa di que o Sr. Concelleiro de obras está traballando para tratar de actuar unha vez trancorrido o verán.

A realidade e que xa trancorreu o verán do ano 2010, tamén o verán de 2011 e xa estamos as portas do verán do ano 2012.

O que está claro é que a premura para resolver os asuntos non é unha virtude para a Concellalía de Infraestructuras tal como queda demostrado despois de trancorridos dous anos.

¿Pode decirnos a día de hoxe, si de verdade, o Concello vao levar algún tipo de actuación para eliminar o devandito depósito da auga? ¿cando? ¿cal? ¿en qué datas concretas?."""

O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do PP, contestou que a pesar de que tiñan informes dos técnicos relativos a que a situación non era tan grave como se indicaba na moción, xa estaba o proxecto feito e unha vez recibidos os terreos se procederá a acometer a obra.-----

5º) A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista, preguntou sobre o custo de mantemento dos centros culturais, xa que non se lle pasou documentación algunha, consecuencia dunha pregunta anterior. **A Sra. Alcaldesa** dirixiouse ao **Sr. Sanmartín Quiñones**, para que se efectúe unha recompilación dos gastos de mantemento, que básicamente son de abastecemento de auga e faciliténselle á **Sra. Agúin Pombo**.-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30 DE MARZO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 1881). **A Sra. Alcaldesa** dá lectura a seguinte pregunta presentada pola voceira do PS de G-PSOE e que literalmente se transcribe:

""Dona Dulcinea Agúin Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto na artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,
PREGUNTA

O pasado martes, 26 de Marzo, o concelleiro do Grupo Municipal Socialista, José Buezas Méndez, participou como membro do Consello Escolar do CEIP de Magaláns en Dorrón. Os membros do Consello Escolar manifestaron que dende fai tempo están a espera de resposta por parte do Grupo de Goberno, de cando van a arranxar a caldeira que ten o centro escolar. Dende fai tempo a caldeira non funciona, polo que é necesario o arranxo da mesma ou o cambio por unha nova.

¿Poderíanos dicir si o Grupo de Goberno ten pensado arranxar a caldeira do CEIP de Magaláns, en Dorrón ou pensa mercar unha nova?

¿Pode decirnos un data concreta de cando o CEIP de Magaláns terá arranxado o problema da caldeira?."""

A **Sra. Alcaldesa** contestou en primeiro lugar que o concello repara as caldeiras cada vez que se estragan pero se é necesario cambialas xa é competencia da consellería de educación e a **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que xa se informou ao ente autonómico da situación destas caldeiras, aínda que sempre estiveron en funcionamento.-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO. O voceiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Otero Domínguez, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””No lugar de Vilar (Vilalonga), ao carón da estrada provincial, atópase un tramo de beirarrúa deteriorado debido á entrada e saída de camións e maquinaria pesada a unha parcela urbanizable que alí se atopa.

A pesar de non estar levándose a cabo obras nesa parcela neste intre, aínda permanece a grúa ao igual que un cartel de promoción.

Enténdese que a empresa promotora debe facerse cargo dos danos ocasionados na vía pública e na beirarrúa.

Independentemente de que continúe a construción ou os motivos de suspensión das obras, deberían repoñer os danos ocasionados.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que se lle responda as seguintes preguntas

Qué decisión vía adoptar a alcaldía e cales serán os prazos no que os veciños poidan ver emendadas estas deficiencias?.””””

A **Sra. alcaldesa** contestou que tomaba nota da pregunta e se actuaría en consecuencia.-----

8º) O Sr. Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou sobre a utilización, pola empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo, dunha nave no polígono e sobre a que parecía haber certas discrepancias entre membros do grupo de goberno.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se comunicou por escrito a esa empresa que non podía utilizar a nave, logo do tratamento deste asunto nun consello da xerencia, engadindo que a referida instalación conta con licenza de obra e actividade pero que se encontra co problema da recepción do parque empresarial.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que lle parecía curioso que non se preguntase no seu día pola nave que utilizaba a anterior concesionaria e que tampouco cumpría e agora se pregunte por esta, manifestando que se estaba a prestar o servizo e que o asunto da nave non era da súa competencia.

A **Sra. Alcaldesa** finalmente indicou que a empresa concesionaria ten a comunicación por escrito da situación na que se encontra a nave.-----

9º) O Sr. Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, preguntou sobre se no prezo da privatización da explotación dos servizos de tempada nas praias se incluía a amortización do material adquirido por “Nauta”, engadindo que esta pregunta debería facerse dentro dunha xunta xeral desta empresa, xa que no consello de administración non ten presenza a oposición municipal.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que contestará por escrito á pregunta, xa que no prego de cláusulas

administrativas se precisa o preguntado polo **Sr. Otero Domínguez** e o **Sr. Rodríguez Lorenzo** matizou, en canto a unhas cantidades apuntadas polo voceiro do BNG, que o importe, multiplicado por catro anos, era dun millón de euros.-----

10º) O **Sr. Otero Domínguez**, con respecto ás gardarías municipais sinalou que no seu día e logo da privatización das mesmas pola Xunta de Galicia, preguntou nun pleno por esta medida e a Sra. Alcaldesa contestou que faría o posible para evitalo. Dado que agora xa se anunciou que se prestará o servizo das dúas gardarías por concesión, o voceiro do BNG preguntoulle á **Sra. Alcaldesa** que xestións fixo, **contestando a interpelada** que se realizaron os números oportunos e na realidade económica actual finalmente decidíuse que a fórmula mellor era unha xestión externalizada, que non tiña que ir en detrimento do servizo.-----

11º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que na fonte que hai en Fontoira existe un cartel que pon “auga sen control sanitario” e aínda que coñecía que as augas que procedían dun manantial non se trataban con cloro, preguntou se se realizaran análises e se era apta para o consumo, contestando o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, aludindo a normativa existente respecto das fontes procedentes das traídas, tratadas con cloro e perfectamente aptas para o consumo e das fontes que proceden de manantiais, que teñen que ter todas un cartel no que se indique que están sen control sanitario.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar a **Presidenta** dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**